

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2023**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm 1338/2023, de data 4 de agosto)

### **ASISTENTES:**

D. Diego Alcantarilla Rei  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy  
D. David López Saborido

### **NON ASISTE:**

D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA ACCIDENTAL:**

D.<sup>a</sup> Verónica María Otero López

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e nove de agosto do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm 1338/2023, de data 4 de agosto), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Alcantarilla Rei, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas.

Asisten á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria accidental, D.<sup>a</sup> Verónica María Otero López.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 22 DE AGOSTO DE 2023**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 22 de agosto de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 22 de agosto de 2023.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo, de 2 de agosto de 2023, pola que se convoca, para a anualidade 2023, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (código de procedemento VI438A). Diario Oficial de Galicia núm. 160, do 24-08-2023.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **3.1. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DO “PINTADO DE DIVERSOS COLEXIOS E CENTRO DE SAÚDE DE CAMBRE”**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 24 de agosto de 2023 (CVD: A2tqvHCC/hOq9PwFMMF8), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente tramitado na plataforma TEdC ao número 2023/C002/000032 para a contratación, por contrato menor, do *pintado do diversos colexios e centro de saúde de Cambre*, cun orzamento base de licitación de 38.511,21 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 30 días.

Visto o informe de necesidade ao que se achega a memoria valorada, asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, o día 11.05.2023 (CVD: ivWrDtaLI9/vV6bpJISA) no que se xustifica a necesidade desta contratación así como a contratación como contrato menor indicando que:

“(…)

*Dicha contratación se considera necesaria para cumplir con la demanda de los centros escolares relativa a la pintura de diversos espacios en los centros escolares y cumplir así con la competencia que el ayuntamiento tiene, según el artículo 25 apartado n) de la Ley 7/1985, 2 de abril, de bases de régimen local modificada por la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, la conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria y de educación especial.*

(…).

*No es intención de estos servicios técnicos fraccionar el contrato con la finalidad de disminuir la cuantía del mismo ni eludir los requisitos de publicidad ni los relativos al procedimiento de adjudicación que correspondan. Empleamos este procedimiento dado que este servicio es urgente para tener en condiciones adecuadas los diferentes espacios públicos. No obstante, como informo reiteradamente, solicito que por el departamento correspondiente por razón de materia incoe expediente de contratación por procedimiento abierto de mantenimientos de edificios de titularidad municipal (ceips, polideportivos, etc) La falta de contrato produce inseguridad jurídica en el funcionario informante, concello y empresas.*

(…)

*Vistas las características de la obra y que se trata de una necesidad puntual, se considera necesario ejecutar el citado gasto mediante el procedimiento más adecuado, que es el del contrato menor, eso atendiendo a la naturaleza, contía y simplicidad de la tramitación, efectuando para esto, la siguiente propuesta de criterios de adjudicación: (...) precio.*

*(...).*

*3.- PRECIO DEL CONTRATO El importe de adjudicación, (IVA incluido), en ningún caso podrá superar la cantidad de 38.511,21 euros.*

*4.- PLAZO DE EJECUCIÓN El plazo establecido para la realización de los trabajos será de 30 días.*

*(...)”.*

Visto o documento de retención de crédito asinado con data do 16.05.2023 (código para validación: PI1DE-I2DEQ-XJ8RM) por importe de 38.511,21 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias “323 21200 Mantenim. Edificios enseñanza infantil y primaria” e “312 21200 Mantén. Edificios centros de salud”.

Visto o informe “CONFORMIDADE TÉCNICA Á DESCRIPCIÓN TÉCNICA E ORZAMENTO PARA PINTADO DOS COLEXIOS E CENTRO DE SAÚDE DE CAMBRE” asinado pola arquitecta técnica municipal con data do 23.05.2023 (CVD: iGsY0Gre9r6vUBqhOABY) que di:

*“(...) Polo tanto, se presta a CONFORMIDADE TÉCNICA á presente memoria, sen valorar a idoneidade técnica das obras a realizar.”*

Visto o informe da arquitecta técnica municipal de data 27.07.2023 (CVD: prE+4DTHjO0ie3LKT97n) que, entre outras cousas, di:

*“(...)”*

*1) Na interpretación polo órgano de contratación do art. 13, da de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (en adiante LCSP), obvia deliberadamente que no apartado 1.a) do artigo, define como contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización dalgún dos traballos enumerados no Anexo I. No Anexo I, contemplase co Código CPV 45440000, como Descrición, Pintura e acristalamento, Observacións, comprendendo nesta clase, entre outros, a pintura exterior e interior de edificios.*

*Por outra banda, o art. 232.1. c) clasifica as obras de conservación e mantemento dentro do contrato de obras, xustificadas deste xeito na memoria deste contrato como os traballos para o pintado de diversos espazos en varios colexios públicos de Cambre e no Centro de Saúde de Cambre, espazos que se deterioraron esteticamente debido ao uso ao que están sometidos.*

*Se, como se indica na ventá de “Observacións” do programa TEdec, no expediente 2023/C002/000032, que sería axeitado valoralo como un contrato de servizos, indicar que, o pintado de edificios ou as obras de mantemento e conservación non están incluídos en ningún dos apartados do Anexo XII do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Anexo XII, Táboa de correspondencia entre os subgrupos de clasificación de empresas correspondentes aos que se establecen neste Regulamento para os contratos de servizos e os*

grupos e subgrupos de clasificación establecidos na Orden do ministerio de Facenda de 24 de novembro de 1982, modificada pola Orden de 30 de xaneiro de 1991, polo que non parece axeitado incluílo neste tipo de contratos.

Polo que queda sobradamente xustificado que o pintado dos edificios enumerados na memoria do contrato 2023/C003/000015, están encadradas dentro de obras de conservación e mantemento destes edificios e polo tanto corresponde co indicado no art. 13.1.a) da LCSP.

2) Finalmente, se constata que os prezos do presente contrato son axeitados conforme ao disposto no art. 102 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, sendo estes axeitados a mercado no momento no que se fixou o prezo base de licitación”.

Visto o anuncio de licitación desta contratación na plataforma de contratación do sector público, publicado con data do 04.08.2023, no que se indicou que se procedía á apertura dun prazo de cinco días hábiles para a presentación de ofertas.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data do 21.08.2023 (CVD: sBVFdT9nHLi2E4vLCrV7) que di:

“(…)

En relación co expediente de contrato menor de referencia, emítese o seguinte **INFORME**:

**Primeiro:** Presentou oferta a empresa que a continuación se relaciona:

<b>Empresa</b>	<b>Oferta sen IVE</b>	<b>Oferta IVE incluído</b>
Pinturas González Iglesias, S.L.	26.900,00 €	32.549,00 €

**Segundo:** Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo ofertado á baixa respecto ao orzamento máximo de licitación, **PROPOÑO**:

Adxudicar o contrato menor correspondente ao “Pintado diversos espazos centros escolares de Cambre e Centro de Saúde de Cambre” á empresa Pinturas González Iglesias, S.L. con CIF: B15441934, e domicilio social en O Pombo 37 – C.P. 15668 – Pravio, Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 26.900,00 € (sen IVE), 32.549,00 € (IVE incluído), por ser a única empresa que fixo a oferta e cun importe inferior ao fixado polo Concello.

“(…).”

Visto o informe desfavorable emitido pola secretaria accidental, de data 22.08.2023 (CVD: 7oGm6DsWoWf/9e/uFEFk), que di:

“(…)

Con data do 04.08.2023, a funcionaria que subscribe emitiu informe respecto da aprobación deste expediente (CVD: SMhJWo6jvCkyWsscbfd9) no que dicía:

“(…)

*A xuízo da técnica que subscribe, estamos ante unha contratación previsible, á que tampouco pode atribuírselle o carácter de urxente, pois a falta de planificación dunha contratación previsible non a define como tal. En consecuencia, non se cumpren os requisitos legais esixidos para poder aplicar o contrato menor, evitando a tramitación ordinaria e, con ela, a publicidade, libre concorrencia, igualdade e transparencia que debe presidir toda a contratación pública polo que, a xuízo da funcionaria que subscribe, non procede a súa aprobación.*

*A maior abundamento, a xuízo da técnica que subscribe, tampouco se da cumprimento ao establecido no artigo 100.2 da LCSP verbo de que "... el presupuesto base de licitación se desglosará indicando en el pliego de cláusulas administrativas particulares o documento regulador de la licitación los costes directos e indirectos y otros eventuales gastos calculados para su determinación. En los contratos en que el coste de los salarios de las personas empleadas para su ejecución formen parte del precio total del contrato, el presupuesto base de licitación indicará de forma desglosada y con desagregación de género y categoría profesional los costes salariales estimados a partir del convenio laboral de referencia". Tal afirmación realízase á vista da desagregación do prezo que consta no informe de necesidade de data 11.05.2023, no que simplemente parecen terse en conta os metros de material (pintura) que resultan precisos; desglose máis propio dun contrato de subministración. Non se recollen nesta desagregación os costes dos salarios das personas que executarán a prestación. Personal ao que, por outra parte, simplemente se refire o dito informe indicando que "la empresa adjudicataria facilitará el personal necesario para la ejecución de los trabajos en el plazo establecido".*

*Igualmente, cabe indicar que, a xuízo da técnica que subscribe, o funcionario asinante da documentación técnica, habida conta do seu posto de traballo (coordinador de actividades culturais e educativas) non ten capacidade técnica para redactar os ditos documentos nin para posteriormente asumir a supervisión da execución deste contrato nin as tarefas propias do responsable do contrato. A "conformidade técnica" prestada pola arquitecta técnica municipal non subsana nin en todo nin en parte a dita falta de capacidade técnica.*

*Por outra banda, e non menos importante, debe terse en conta que a "Disposición adicional decimoquinta. Municipios, corporaciones o entidades locales", da Lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación, no seu punto 2, di:*

*"La conservación, el mantenimiento y la vigilancia de los edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial, corresponderán al municipio respectivo. Dichos edificios no podrán destinarse a otros servicios o finalidades sin autorización previa de la Administración educativa correspondiente".*

*A xuízo da funcionaria que subscribe, non se xustifica no expediente que estemos ante unha actuación de conservación ou mantemento que permita verificar que o Concello está actuando dentro do seu ámbito competencial, polo que tamén se informa desfavorablemente este extremo.*

### **CONCLUSIÓN:**

*En atención ao exposto, infórmase desfavorablemente o expediente relacionado neste informe, que consta na plataforma TEdc co número 2023/C002/000032.*

*(...)"*

(...)

*A funcionaria que subscribe ratifícase e reitérase no informe desfavorable emitido respecto da aprobación deste expediente con data do 04.08.2023 (CVD: SMhJWo6jvCkyWsscfd9).*

*A maior abundamento, convén precisar que, se ben esta contratación foi publicada na PLACSP, abríndose un prazo de presentación de ofertas de 5 días hábiles, a dita publicación non cumpre por si sola os requirimentos legais esixidos, xa que a LCSP é taxativa cos procedementos de contratación que poden aplicarse en cada suposto, e non reunindo esta contratación os requisitos propios do contrato menor, non se axusta á normativa a súa tramitación como tal. En definitiva, a súa publicación na PLACSP nin subsana nin completa, nin en todo nin en parte, a falla do procedemento establecido na normativa de aplicación; cuestión esta que non resulta baladí, pois o procedemento administrativo é a garantía de que a Administración opera con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.*

*Non obstante, no caso de ser outro o criterio do órgano de contratación, infórmase da necesidade de incorporar ao expediente o informe de fiscalización emitido pola intervención municipal.*

#### **CONCLUSIÓN:**

*En atención ao exposto, **infórmase desfavorablemente a adxudicación** do “Pintado diversos espacios centros escolares de Cambre y Centro de Saúde de Cambre”.*

*É o que expoño neste informe que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.*

(...). ”.

Visto o “INFORME DE EXISTENCIA DE CRÉDITO AO CONTRATO MENOR DENOMINADO “PINTADO DIVERSOS ESPACIOS CENTROS ESCOLARES DE CAMBRE Y CENTRO DE SAÚDE DE CAMBRE”. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2023/C002/000032”, emitido pola interventora municipal con data 23.08.2023 (CVD: XL29uOG+NmG2Oo7jrhj9), que di:

“(...)

*Nembargantes, o artigo 219.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais establece que “El órgano interventor podrá formular las observaciones complementarias que considere conveniente, sin que estas tengan, en ningún caso, efectos suspensivos en la tramitación de los expedientes correspondientes”.*

*Ao amparo do artigo citado, formulo por escrito as seguintes **observacións**:*

**1.-** O artigo 25.2.n) da LBRL dispón:

*“El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:*

(...)



n) *Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial*"

*No que respecta ao o concepto de conservación e mantemento, éste trátase dun concepto xurídico indeterminado. O dicionario da RAE define o termo "mantemento" como o conxunto de operacións e coidados necesarios para que instalacións, edificios, industrias, etc, poidan seguir funcionando adecuadamente e o de "conservación" como a acción e efecto de manter algo ou coidar da súa permanencia.*

*Pola súa banda, o art. 232.1 da LCSP clasifica as obras nos seguintes grupos:*

- a) Obras de primer establecimiento, reforma, restauración, rehabilitación o gran reparación.*
- b) Obras de reparación simple.*
- c) Obras de conservación y mantenimiento.*
- d) Obras de demolición"*

*E o seu apartado 5º considera que, se o menoscabo prodúcese no tempo polo natural uso do ben, as obras necesarias para a súa emenda terán o carácter de conservación tendo a mesma consideración as obras de mantemento.*

*Doutra banda, o Anexo III do RD 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación -CTE-, define o mantemento como o "conjunto de trabajos y obras a efectuar periódicamente para prevenir el deterioro de un edificio o reparaciones puntuales que se realicen en el mismo, con el objeto mantenerlo en buen estado para que, con una fiabilidad adecuada, cumpla con los requisitos básicos de la edificación establecidos."*

*Por último, cabe facer referencia á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014 a cal define os gastos de mantemento e conservación no artigo 21 do Anexo III do seguinte xeito:*

*"Se imputarán a este artículo los gastos de mantenimiento y conservación de infraestructuras, edificios y locales, maquinaria, material de transporte y otro inmovilizado material, desglosados en los mismos conceptos indicados en el artículo 20, «Arrendamientos». A título indicativo, se incluyen los siguientes:*

Gastos de conservación y reparación de infraestructuras y bienes inmuebles destinados al uso general, ya sean propios o arrendados, pudiendo afectar, a modo de ejemplo, a vías públicas, alumbrado público, instalaciones de semáforos e instalaciones industriales.

Gastos de conservación y reparación del mobiliario.

Gastos por vigilancia, revisión, conservación y mantenimiento de máquinas e instalaciones de oficinas.

Gastos de mantenimiento o de carácter análogo que originen los equipos de proceso y transmisión de datos e informáticos y de instalaciones telefónicas o de control de emisiones radioeléctricas.

Como norma general, las reparaciones importantes que supongan un incremento de capacidad, rendimiento, eficiencia o alargamiento de la vida útil del bien, se imputarán al capítulo 6, «Inversiones reales».”

Asemade, cabe ter en conta que o citado artigo inclúese no capítulo 2 de gastos o cal é definido pola citada Orde do seguinte xeito:

“Este capítulo comprende los gastos en bienes y servicios necesarios para el ejercicio de las actividades de las Entidades locales y de sus Organismos autónomos que no produzcan un incremento del capital o del patrimonio público.

Serán imputables a los créditos de este capítulo los gastos originados para la adquisición de bienes que reúnan alguna de las siguientes características:

- a) Ser bienes fungibles.
- b) Tener una duración previsiblemente inferior al ejercicio presupuestario.
- c) No ser susceptibles de inclusión en inventario.
- d) Ser gastos que previsiblemente sean reiterativos.”

A sensu contrario, o capítulo 6 de gastos é definido do seguinte xeito:

“Este Capítulo comprende los gastos en los que incurran o prevean incurrir las entidades locales o sus organismos autónomos destinados a la creación de infraestructuras y a la creación o adquisición de bienes de naturaleza inventariable necesarios para el funcionamiento de los servicios y aquellos otros gastos que tengan carácter amortizable.

Serán imputables a los créditos de este capítulo los gastos originados por la adquisición de bienes a que se refiere el párrafo anterior que reúnan alguna de las siguientes características:

- a) Que no sean bienes fungibles.
- b) Que tengan una duración previsiblemente superior al ejercicio presupuestario.
- c) Que sean susceptibles de inclusión en inventario.
- d) Ser gastos que previsiblemente no sean reiterativos.”



Dado que a actuación a contratar podería ter unha a vida útil do inferior ao exercicio orzamentario (12 meses) e que se visto dun gasto previsiblemente reiterativo, o encaixe orzamentario corresponde a un capítulo 2 de gastos sendo que o citado capítulo contempla o concepto 212 denominado "Reparaciones, mantenimiento y conservación. Edificios y otras construcciones".

Por outra banda, para que o Concello de Cambre poida asumir o citado gasto, **débese acreditar documentalmente no expediente a titularidade municipal dos inmobles nos que se ubican os CEIP e o Centro de Saúde.**

## 2.- Calificación jurídica contrato.

O artigo 13.1 da LCSP dispón:

"1. Son contratos de obras aqueles que tienen por objeto uno de los siguientes:

a) La ejecución de una obra, aislada o conjuntamente con la redacción del proyecto, o la realización de alguno de los trabajos enumerados en el Anexo I.

b) La realización, por cualquier medio, de una obra que cumpla los requisitos fijados por la entidad del sector público contratante que ejerza una influencia decisiva en el tipo o el proyecto de la obra"

O documento denominado PROPUESTA E INFORME DE NECESIDAD - OBRAS asinado o 11.05.2023 (CVD: ivWrDtaLI9/vV6bpJISA) foi asinado polo Coordinador do Área de Cultura Deportes e Xuventude respecto do cal consta documento denominado CONFORMIDADE TÉCNICA Á DESCRICIÓN TÉCNICA E ORZAMENTO PARA PINTADO DOS COLEXIOS E CENTRO DE SAÚDE DE CAMBRE asinado pola Arquitecta técnica o 23.05.2023 (CVD: iGsY0Gre9r6vUBqhOABy) o cal dispón que "(...)Polo tanto, se presta a CONFORMIDADE TÉCNICA á presente memoria, sen valorar a idoneidade técnica das obras a realizar(...)" e un documento denominado XUSTIFICACIÓN TÉCNICA COMO OBRA E XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS DO CONTRATO PARA PINTADO DOS COLEXIOS E DO CENTRO DE SAÚDE DE CAMBRE asinado pola Arquitecta técnica o 27.07.2023 (CVD: prE+4DTHjO0ie3LKT97n) o cal establece que "(...)1) Na interpretación polo órgano de contratación do art. 13, da de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (en adiante LCSP), obvia deliberadamente que no apartado 1.a) do artigo, define como contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización dalgún dos traballos enumerados no Anexo I. No Anexo I, contemplase co Código CPV

45440000, como Descrición, Pintura e acristalamento, Observacións, comprendendo nesta clase, entre outros, a pintura exterior e interior de edificios.(...)"

**3.-** Ao abeiro do artigo **65.1** da **LCSP**, só poderán contratar có sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nalgunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional ou, nos casos en que así o esixa esta Lei, atópanse debidamente clasificadas. Se ben consta no expediente documento denominado **INFORME DE SELECCIÓN DE CONTRATISTA** asinado polo o 21.08.2023 (CVD: sBVFdT9nHLi2E4vLCrV7), **non consta dilixencia e/ou informe do departamento que instruiu o expediente relativo ao cumprimento do artigo 65.1 LCSP por parte do contratista proposto para a adxudicación.**

**4.-** En virtude do artigo **65.2 da LCSP**, os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato Se ben consta no expediente documento denominado **INFORME DE SELECCIÓN DE CONTRATISTA** asinado polo o 21.08.2023 (CVD: sBVFdT9nHLi2E4vLCrV7), **non consta dilixencia e/ou informe do departamento que instruiu o expediente relativo ao cumprimento do artigo 65.2 LCSP por parte do contratista proposto para a adxudicación.**

**5.- Obxecto do contrato.** O artigo **99.1 LCSP** establece que o obxecto dos contratos do sector público deberá ser determinado. Revisado o documento denominado **PROPUESTA E INFORME DE NECESIDAD - OBRAS** asinado o 11.05.2023 (CVD: ivWrDtALi9/vV6bpJISA) **compróbase que a definición do obxecto da prestación a contratar non está perfectamente definido ao obviar aspectos tales como a tipoloxía de pintura a empregar ou o número de mans de pintura a realizar.**

**6.- Prezo.** O artigo **102.3 LCSP** dispón que "Los órganos de contratación cuidarán de que el precio sea adecuado para el efectivo cumplimiento del contrato mediante la correcta estimación de su importe, atendiendo al precio general de mercado, en el momento de fijar el presupuesto base de licitación y la aplicación, en su caso, de las normas sobre ofertas con valores anormales o desproporcionados.

En aquellos servicios en los que el coste económico principal sean los costes laborales, deberán considerarse los términos económicos de los convenios colectivos sectoriales, nacionales, autonómicos y provinciales aplicables en el lugar de prestación de los servicios".

Revisado o documento denominado *PROPUESTA E INFORME DE NECESIDAD - OBRAS* asinado o 11.05.2023 (CVD: ivWrDtaLI9/vV6bpJISA) **compróbase que a determinación do prezo non permite comprobar a correcta estimación do seu importe ao non constar os prezos descompostos** ( (man de obra\*unidades de obra) + (materiais \* unidades de obra) para cada un dos conceptos incluídos no citado documento).

7.- Na contratación pública rexen os principios de igualdade, non discriminación e transparencia. Asemade, establece a LCSP que los órganos de contratación han de velar en todo el procedimiento de contratación por la salvaguarda de la libre competencia.

O artigo 28.4 LCSP “Las entidades del sector público programarán la actividad de contratación pública, que desarrollarán en un ejercicio presupuestario o períodos plurianuales y darán a conocer su plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto en el artículo 134 que al menos recoja aquellos contratos que quedarán sujetos a una regulación armonizada”

De conformidade có artigo 131.2 LCSP “La adjudicación se realizará, ordinariamente utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación basados en el principio de mejor relación calidad-precio, y utilizando el procedimiento abierto o el procedimiento restringido, salvo los contratos de concesión de servicios especiales del Anexo IV, que se adjudicarán mediante este último procedimiento”

O artigo 159.6 LCSP prevé un procedemento de contratación abreviado e sumario para as obras cuxo valor estimado sexa inferior a 80.000 €.

En virtude do exposto e se ben o artigo 131.3 LCSP establece a posibilidade de adxudicar contratos menores directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118 do mesmo texto legal, **este mecanismo debería ser excepcional e reservarse unicamente para satisfacer aquelas prestacións que non se poidan prever na programación da actividade de contratación para así garantir os principios inspiradores na normativa de contratación pública.**

(...)”.

Visto que con data do 23.08.2023 se incorporaron ao expediente copia das fichas do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Cambre nas que consta a titularidade de todos os bens sobre os que se actúa e que a continuación se relacionan:

Código do ben no Inventario	Descrición do ben
1A.05.022	CEIP Wenceslao Fernández Flórez
1A.05.012	Centro de saúde, Biblioteca Central, Sala de Exposicións e Local de Correos
1A.10.010	CEIP Gonzalo Torrente Ballester
1A.03.004	CEIP Emilio González López
1A.11.001	CEIP Graxal II
1A.11.002	CEIP Portofaro

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1171/2023, 4 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000032 cuxo obxecto é o “pintado do diversos colexios e centro de saúde de Cambre”, con cargo ás aplicacións orzamentarias “323 21200 Mantenim. Edifícios ensinanza infantil y primaria” e “312 21200 Manten. Edifícios centros de salud”.

**Segundo:** Adxudicar o contrato menor do “pintado do diversos colexios e centro de saúde de Cambre” á empresa Pinturas González Iglesias S.L. con CIF: B15441934, e domicilio social en O Pombo 37 – C.P. 15668 – Pravio, Cambre (A Coruña), no prezo ofertado de 26.900,00 € (sen IVE), 32.549,00 € (IVE incluído).

